

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN NOVE GRUPO GASTRONÓMICO PARA A PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DE GALICIA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Nove Grupo Gastronómico o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a promoción conxunta da Comunidade Autónoma de Galicia a través do proxecto *Os Sabores do Camiño*, co fin de consolidar o seu posicionamento como destino de turismo gastronómico saudable, sostible e de calidade a través da innovación e poñendo en valor o rural, a economía circular e a tradición da cociña galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio das súas funcións, a esta Axencia correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos. Entre os seus fins están o de promover a oferta turística existente e para isto, considera estratéxico o desenvolvemento dun conxunto de accións



de apoio á gastronomía galega que posibilite así a competitividade de Galicia fronte a outros destinos.

A potenciación da nosa gastronomía considérase un factor clave para a redistribución da riqueza, capaz de fomentar o equilibrio entre as diferentes zonas do territorio e permitir dar a coñecer os excelentes produtos que ofrecen a terra e o mar galegos.

**Segundo.-** Que a Asociación NOVE Grupo Gastronómico é unha entidade sen ánimo de lucro cuxos fins son a defensa e promoción dunha concepción moderna e contemporánea da cociña galega dende o respecto a os seus orixes, cunha gastronomía de vangarda “made en Galicia” que combina o mellor da tradición e da innovación atendendo ás novas técnicas postas a disposición da calidade dos nosos produtos.

A Asociación NOVE Grupo Gastronómico exalta a gastronomía de Galicia como un elemento vertebrador e un dos piares fundamentais da cultura dun país, integrada pola súa historia, as súas tradicións, as súas creacións artísticas e polos seus costumes gastronómicos. A promoción da gastronomía contribúe dun xeito moi importante a atracción turística de visitantes xa que este constitúe un dous maiores potencias da nosa comunidade.

Para a consecución dos seus obxectivos, Asociación NOVE Grupo Gastronómico conta cos restauradores de máis relevancia da comunidade autónoma entre os que figuran algunhas das principais figuras da gastronomía internacional.

**Terceiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, tralo contexto do Ano Santo Xacobeo 2022, difundir a cultura gastronómica de Galicia dando visibilidade á cociña creativa, centrando os seus esforzos en situar a Galicia como un destino saudable e sostible enfocando as súas accións cara a sustentabilidade, o rural, a economía circular e a tradición, potenciando a parte educativa e de divulgación.

Considérase axeitado, por razóns de interese público e social, colaborar nas actuacións deste presente convenio coa Asociación NOVE Grupo Gastronómico, dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única asociación de cociñeiros existente en Galicia que reúne aos principais e máis prestixiosos restauradores da comunidade



autónoma, e polo tanto a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible promover a concorrència con outras entidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

